



Concello de Mugardos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Comedores Escolares Municipais

Instrucións xerais para o inicio do Comedor Escolar Municipal do Concello de Mugardos

O inicio do Comedor escolar municipal terá lugar o **9 de setembro de 2021**, ao igual que as clases de Infantil e Primaria.

Ao igual que o curso pasado, respectaranse as normativas, protocolos e recomendacións que afecten a este servizo. As medidas e protocolos sanitarios son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

Lembramos a función educativa e de aprendizaxe deste servizo escolar complementario, polo que se continuará coas pautas e recomendacións das persoas expertas en alimentación infantil. Se tiveran dúbidas ou suxestións, poden consultar a normativa aplicable ou poñerse en contacto co concello.

Para anular menús de almorzo e/ou xantar ou establecer o día de inicio no servizo as familias poden dirixirse a contacto@manacatering.es, ata as 10.00 h. para anular o servizo de xantar e ata as 19.00 para o almorzo do día seguinte. O teléfono 657 347 822 empregárase unicamente para emerxencias.

Medidas xerais relacionadas coa prevención da covid

- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades educativas especiais o pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.
Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas. Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.
- **Ventilación:** As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo. Recoméndase que o alumnado dispoña dunha prenda de roupa cómoda para evitar o frío no comedor.
- Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado.
- O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
- O alumnado que ten concedido o uso dos servizos durante o **Mes completo**, disporá do menú todos os días do mes, agás comunique debidamente á empresa prestataria do servizo a súa ausencia.



Concello de Mugardos

Comedores Escolares Municipais

- O alumnado que ten concedido a frecuencia de **días soltos** deberá indicar á empresa do catering, se é posible, que días fixos acudirán. Noutro caso deberán avisar debidamente da asistencia.
- Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- Cando remate a comida, o alumnado e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, e á hora de saída escollida, o persoal do comedor os acompañará a reunirse coa súa familia.
- As familias situaranse nos portais dos centros escolares para recoller ao alumnado segundo o horario escollido (15.15 h ou 16.00 h.).
- No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarse á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor.

Normativa vixente:

- Regulamento do Comedor Escolar Municipal CEIP Unión Mugardeza, BOP 122, 29.06.2016
- Ordenanza fiscal núm. 25, reguladora da taxa pola prestación do servizo de comedor escolar, BOP núm. 192, 08.10.2014.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, Xunta de Galicia.

Publicacións de interese na web:

- Menús saudables no comedor escolar, Xunta de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela
- Documento de consenso sobre la alimentación en los centros educativos, Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición
- Acompañar las comidas de los niños. Consejos para comedores escolares y para las familias. Agencia de Salud Pública de la Generalitat de Catalunya, 2015

Mugardos 08.09.2021